

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 14 de marzo 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo para a determinación da orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos de ingreso que se celebren durante o ano 2023 e que non teñan asignada letra nas bases de convocatorias previas

En cumprimento do disposto na Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 7 de marzo de 2023 e na normativa aplicable ao Parlamento de Galicia en materia de selección do seu persoal, o día 13 de marzo de 2023, na Sala Rosalía de Castro do Parlamento de Galicia e baixo a presidencia do letrado oficial maior, tivo lugar o sorteo ao que alude a citada resolución.

Conforme o resultado do dito sorteo, a orde de actuación dos aspirantes nos procesos de selección para o ingreso no Parlamento de Galicia que se deriven da oferta de emprego público que se celebren durante o ano 2023 e que non teñan asignada letra nas bases de convocatorias previas empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra R.

Esta resolución publicarase na web e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

